



CIRCULAR A TODAS AS NAIS E PAIS SOBRE COMEDOR

Á espera das instrucións ordinarias de comedor, danse estas indicacións sobre documentación e prazos que teñen **carácter orientativo á espera da publicación definitiva de instrución e normativa específica**.

Prazo para o alumnado xa matriculado: do 21 de maio ao 13 de xuño, preferentemente respectando as seguintes datas para cada nivel do curso actual (23-24):

- Infantil: 21-22-23 de maio
 - 1º EP: 24-27-28 de maio
 - 2º EP: 29-30-31 de maio
 - 3º EP: 3-4-5 de xuño
 - 4º EP: 6-7-10 de xuño
 - 5º EP: 11-12-13 de xuño

Prazo para o de **nova matrícula para o curso 2024-2025** (3 anos e traslados noutros cursos): do 20 de xuño ao 1 de xullo.

Teñen que solicitar **todas as familias interesadas**, incluídas as que xa foron usuarias no presente curso. Poden retirar as solicitudes en Secretaría, en Conserxería ou descargala na páxina web do centro. O resto de documentación que se indica a continuación **pódese ir tratando de reunir**, pero **deberá achegarse ata o 1 de xullo**.

DOCUMENTACIÓN

Para todos os solicitantes

- Impreso de solicitude
- Volante de empadramento
- Autodeclaración e autorización á Consellería de Educación á comprobación de datos fiscais (Anexo II). **Os datos se obteñen** da declaración do 2023 (a presentada no 2024) ou do certificado de ingresos correspondentes seguindo as instrucións do Anexo. Se non autorizan deben presentar fisicamente os documentos. (Non teñen que facela os usuarios con certificado de Servizos Sociais, con discapacidade superior ao 33%, en situación de acollemento ou pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero).

Para acreditar circunstancia prioritaria

- Informe/Certificación de Servizos Sociais do Concello de situación económica desfavorable (se procede).
- Acreditación de discapacidade igual ou superior ao 33% (se procede).
- Fotocopia do libro de familia numerosa
- Acreditación de pertenza a unidade familiar vítima de terrorismo ou violencia de xénero
- Traballadoras/es por conta allea:
 - Certificado(s) de empresa acreditando a incompatibilidade coa hora de saída do colexio
 - Certificado de vida laboral actualizado solicitado na Seguridade Social ou TC"
 - Copia do contrato de traballo
- Traballadores por conta propia:
 - Altas censuais ante a AEAT e modificacións posteriores e altas na SS no réxime que corresponda no caso de habelas.
- Empregadas/os das administracións públicas:
 - Certificación expedida pola xefatura de persoal que corresponda, co horario desempeñado.

O Temple, 10 de maio de 2024
A Dirección